

As tentacions de Ramón

por Daniel Buján

Mira que che é listo o demo. Que ben sabe que cando un corazón se namora amolece, e faise maleable, e vive como entre nubes, cos pés lonxe da terra. E que é moi fácil enganalo e levalo polo mal camiño.

Tódalas mañás recibe dos seus correspondentes na terra listas dos últimos namorados, que le detidamente logo de repasa-los xornais.

—¡Que fagan vi-lo diaño Benedicto! —dixo un día.

Benedicto era un pequeno diaño, de só douscentos anos, aínda estudante de primaria.

— Bos días Benedicto —díxolle cando chegou—. Teño un pequeno traballo para tí. Tes que ir tentar a un colexio alá enriba, nun lugar que se chama Brión, un rapaz que acaba de namorarse. Iría eu mesmo, pero ultimamente botei moita barriga, e meterme nun disface de neno cústame cada vez máis. Ando todo o tempo afogado e estou desexando voltar pronto ó inferno para podelo quitar. Se me fas ben o traballo falarei co teu profesor para que che aprobe as prácticas de primeiro, que creo que levas dezasete anos suspendendoas.

— Agradezo a confianza —respondeulle o diaño—. Procurarei tentar coa miña mellor vontade. Aínda que confeso que son novato e este é o meu primeiro traballo na terra. Non sei eu se saberei compracerlo.

—Non te preocupes —contestoulle o demo maior, que tiña gran sabedoría—. Hoxe non é problema tentar a ninguén. Se os demos temos nestes días algún problema está máis ben na competencia, que hai tanta e tan ben feita, que a maior

parte dos tentados teñen gran problema en escoller en cal das tentacións caer. Cos rapaces, o cine e a televisión fannos xa a maior parte do traballo. Échelle-la cabeza de tantas tonterías que cando chegamos nós xa temos case todo o camiño andado. Tí faime caso, ponte a mirar seguido a televisión, e verás como che han sobrar ideas.

E así foi como o diaño Benedicto embarcou para o mundo dos mortais, e como os vellos lugares onde repousan os restos de Santa Minia recibiron un día do alegre e fermoso mes de abril a inesperada e nunca desexada visita das incansables forzas do mal

Alí, alleo ó interese que estaba a esperar no mundo subterráneo, o Ramón vivía, ou máis ben soñaba que vivía, entre as doces nubes de algodón dun sentimento que o sacudira coa forza dun incontrolable furacán: o amor. Benedicto non tardou moito en facerse o seu amigo.

—Esa rapaza de alí, coa chaqueta verde, é María —díxolle un día o Ramón ó Benedicto—. É a rapaza máis bonita e máis simpática do colexio e a verdade é que me gusta moitísimo —confesoulle—. Estou todo o día a pensar nela. Ven, voucha presentar, e así podo acompañala un pouco.

—Ti toleas —exclamou o Benedicto—. Como se nota que neste de mulleres non tes experiencia ningunha. Se che gusta esa rapaza e queres gustarlle a ela tes que simular xusto o contrario. Tes que mostrarte duro e distante, e facer como se desprezáse-las mulleres, que un home non debe nunca expresa-los seus sentimentos. ¿Ou é que ti non ves televisión, nin vas ó cine? ¿Onde ves ti que un

heroe de verdade sorría e se poña a falar docemente cunha moza? Tes que facer como o Clint Eastwood das vellas películas, ou como Conan, e miralas coma se non fosen máis co descanso do guerreiro. Ti faime caso a min que disto sei moito. Esta fin de semana procuraremos ver tódolos vídeos posibles de Van Damme, Schwarzenegger, Bruce Willis e dous ou tres máis dos máis machos. E logo imos ensaiar algunhas caras de estreñido, a ver que tal se che da.

E así foi como o pobre Ramón, que ata entón sempre buscaba estar con María, e parolar con ela, pasou, polo desgraciado consello do diaño, a non facerlle nin caso, e mesmo cando pasaba diante dela, musgaba os ollos e puña xesto de comando americano que vén de matar, con só as súas mans e un cortaunllas, dous mil vietnamitas, trescentos chinos e vinte asesores rusos.

—Debe estar enfermo —diciálles María a Noa e a Eva, as súas amigas— xa nunca vén falar comigo e anda todo o día a poñer unhas caras rarísimas, coma se lle doesen os dentes.

O tempo mentres ía pasando e o Ramón comezaba a decatarse de que o de poñer cara de granito non funcionaba moi ben e de que María, en lugar de caer rendida ós seus pés estaba cada vez máis distante. O diaño Benedicto, rápido de reflexos, antes de que se desanimase, atacou de novo.

— De tódalas maneiras —dixo como pensando en voz alta—, penso eu que no teu caso o de poñer cara de home duro non vai ser suficiente. Eu non quería dicircho, pero paréceme a min que estás un pouco gordo de máis, e esa é a verdadeira razón de que a María non se na-



ANNE DECIS.

more aínda de ti. Porque dime, ¿viches algunha vez na televisión algún protagonista de película que fose gordo? E se algunha vez aparece é para que se rían del, que tódolos actores gordos son actores cómicos. E xa non che digo nos anuncios, que son o verdadeiro reflexo dos valores a seguir no camiño da vida. Repara ben nos corpos que aparecen na publicidade de iogures, ou de comida lixeira, ou de bebidas, ou de aparatos de ximnasia, ou de case todo. ¡Que liñas! ¡que esvelteza!

Pobre Ramón. Aquilo comezaba a ser un calvario para el.

—Hoxe só vou comer a sopa, mamá,

que quero adelgazar un pouco —dixo aquel día na mesa.

—¿Que non queres comer este bistic con patacas? ¡Co que me custou compralo! ¿Ti cres que a carne a regalan nunha tómbola? ¿E que demos é iso de adelgazar? Non me tolees, que bastantes problemas teño como para escoitar parvadas. ¡Preocuparse por adelgazar á túa idade! ¡O que me quedaba por oír!

—¿Que se pode facer cunha nai así? —protestaba compunxido o Ramón ó día seguinte.

—Algo sempre se pode facer, —diciálle o Benedicto—. Por exemplo non come-lo bocadillo da merenda, nin o que a

túa nai che manda para tomar no recreo a media mañá. Pero ocórreseme unha solución para complementa-lo medio réxime que vas seguir: facer pesas. Así conseguirás ademais un corpo varudo e musculoso. Ramón vai ser dende agora a túa meta espiritual. Cara de vacuidade mental e musculatura inchable. As mulleres morren por unha boa musculatura.

—Pois a Masa, que eu saiba, non lles gustaba demasiado.

—Iso é porque era verde, que a xente éche moi racista

Entre os bocadillos abandonados e o exercicio que tódalas noites o pobre facía ás agachadas, o Ramón en quince



ANNE DECIS.

días perdera cinco quilos e a metade do seu espírito e das súas forzas.

—Agora si que estou segura de que está enfermo —diciálles María ás amigas—. ¿Non vedes como adelgazou? ¿E como anda que parece que vai arrastrando os pes? ¡Que pena de rapaz! ¡Tan encantador como era! Se mesmo estaba empezando a gustarme. ¡Pero agora volveuse tan raro...!

Mentres, o demo seguía a engana-lo pobre Ramón, facéndolle ve-las cousas do revés do que eran.

—Non podes desanimarte agora que estamos tan cerca do éxito —diciálle—. ¿Ti fixécheste como sempre queda pendente de ti canto pasas por diante? Non hai dúbida de que a tes enfeitizada, pero posiblemente sexa un pouco tímida. Hai que darlle un pouco máis de impulso para que se anime.

—¿E que podo facer, se nin forzas me quedan?

O demo non sabía que inventar. Aproveitando que o Ramón estaba nos ósos convenceulo de que tiña que parecerse a unha estrela de rock duro, desas que saían na tele rodeadas de rapazas berrando coma tolas. ¡E hai que ver que paciencia tiña o pobre namorado!. ¡Que ben levou o do pelo longo, e mesmo o das arandelas no nariz! Pero iso de non lavarse e de

dicir cousas en inglés e frases «profundas» resultáballe moi difícil.

—¡Epatación do miasma acomodaticio! ¡Mai beibi! —berráballe á María por indicación do diaño, cando pasaba xunto a ela—. ¡Ou iea!

—¡Ai, meu Deus! —diciía compunxida a rapaza ás súas amigas—. Agora mesmo desvaría.

—Hai que recoñecer que o teu aspecto non é moi feliz —confesoulle o Benedicto despois de que nunha semana o Ramón perdese os poucos amigos que lle quedaban—. Se cadra a María non é moi afeccionada á música. Pero eu vin fai pouco varios anuncios de perfumes, que non sei como non pensei antes nelles. Botas unhas pingas e, por onde pasas, as mulleres fan tolerías e van caendo derretidiñas. Ti déixame que che vou facer unha selección dos que parecen máis efectivos.

Afeito ós cheiros do inferno, o Benedicto non tiña demasiado gusto na elección e na mestura de colonias.

—Agora si que estou segura de que o Ramón ten algo grave —comentaba María cada vez máis preocupada—. ¿Non vos fixastes como apesta? Sabe Deus que medicamentos lle deben estar a botar no corpo.

¡Hai que ver que malo é o diaño! Dous

nenos felices cando estaban xuntos e agora a sufri-los dous polos malos consellos dun falso amigo. Menos mal que Santa Minia, que tamén era rapaza, e non gustaba que se fixesen tales falcatrudas na súa vila, decidiu intervir para que María e Ramón volvesen ser amigos.

Vestiuse de nena con trenzas e foi primeiro falar con María.

— ¡Pobre rapaz ese amigo teu! —díxolle—. Debe estar a pasalo moi mal coa súa enfermidade. Se tan amigo era teu, paréceme a min que deberías facer un esforzo para axudalo. ¿Por que non intentas falar con el?

Logo, aproveitando un momento en que o diaño deixara só ó Benedicto para ir buscar uns vídeos de Bruce Lee, fáloulle clara e directamente.

—Ere-lo rapaz máis memo que coñezo. ¿A onde pensas ti que vas intentando se-lo que non es? ¿A ti María gústache polo perfume que leva e polos seus pendentes, ou gústache por que é boa rapaza e boa amiga? ¿Que che fai pensar que as mulleres son diferentes e lles gusta o que ten o pelo máis longo e os músculos máis gordos ou o que bota máis perfume? Hai que ver que tontiño es.

Así que Ramón deu en pensar e razor un pouco, curtou o pelo, lavouse ben para saca-los restos de perfume, volveu coloca-lo sorriso que antes sempre levaba na cara e decidiu, sen que o demo o soubese, ir falar coa María, que pola súa parte tomara paralela determinación.

— Tíñasme moi preocupada —díxolle ela.

—Foi a gripe asiática —díxolle o Ramón, que non se atrevía a confesar o tonto que fora—. Este ano a algúns dálles así de forte.

— Pois foi unha gripe ben rara —contestoulle María—. Alédome de que estas xa curado. Así poderás vir ó meu aniversario, que é a semana que ven.

—Irei encantado —contestou radiante o Ramón.

—Pois ven abrigado, no te vaia coller de novo esa gripe do demo.

Non sabía María ata que punto estaba acertada. Os dous felices afastáronse a falar polo camiño que vai ata a estrada, mentres o Benedicto, que os vira dende lonxe e adiviñara o seu fracaso, rabiaba, que é o que fan os demos cando non lles saen ben as cousas.